

A represión franquista en Ourense: novos argumentos contra a desmemoria da persecución sufrida polo maxisterio

The Repression of the Franco Regime in Ourense: New Arguments against the Obliteration of the Memory of the Persecution of Schoolteachers

*Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo*

RESUMO: A represión sufrida polo maxisterio en 1936 foi un proceso meditado e organizado para derrubar todo o que lembrase á escola republicana, tanto o seu soporte ideolóxico, como as innovacións metodolóxicas experimentadas nese curto período de renovación e democratización. Ourense foi unha das prazas fortes na consolidación da escola republicana –cunha poderosa asociación con conciencia de clase e unha revista vangardista–, e a resposta dos golpistas pódese cualificar de cruel e desproporcionada.

Os amañados consellos de guerra, os paseos, a destitución e/ou inhabilitación para o exercicio da ensinanza, os traslados, as suspensións temporais de emprego e soldo foron as principais sancións a que se enfrontaban, e que padeceu aproximadamente un terzo dos máis de 1700 mestres da provincia. Os outros dous terzos non se libraron dun férreo control sobre a súa vida privada e o seu exercicio profesional. Moitos dos mais perseguidos evitaron o paso de “destituídos” a “paseados” aproveitando a solidariedade dos veciños, das organizacións de axuda a republicanos e das poboacións fronteirizas da raia portuguesa.

Entre todas as acusacións, a pertenza á ATEO (Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense) era de alto risco, polo que os dirixentes tiraron de imaxinación para pórse a cuberto. De feito, o número de dirixentes da Asociación paseados redúcese a tres, que, ademais, non eran dos mais activos no seu funcionamento. A maior parte conseguiu exiliarse ou permanecer agochada.

PALABRAS-CHAVE: represión maxisterio, Ourense, paseados, exilio, destitución, inhabilitación, suspensión temporal, traslado

ABSTRACT: The repression against schoolteachers in 1936 was a process planned and organised to wipe out any memory of the school system during the Republic, in terms of both ideology and the methodological innovations experimented with during this short

period of renewal and democratisation. Ourense was one of the most important areas in the consolidation of Republican schools –closely linked to class consciousness and an avant-garde journal–, and the response of the pro-Franco regime could be described as cruel and disproportionate.

The rigged court martial proceedings, the “paseos” or political revenge killings, dismissal and/or disqualification for exercising the teaching profession, transfers, temporary suspension of employment and salary were the main sanctions that could be imposed and one-third of the roughly 1700 schoolteachers in the province were penalized. The other two-thirds were not spared from tight control of their private lives and of the exercise of their profession. Many of the teachers who suffered the most severe persecution were able to avoid passing from dismissal to being victims of revenge murder thanks to the solidarity of the local residents, the organizations formed to help Republicans and the communities located on the Portuguese border.

Of all the accusations, the one that entailed the greatest risk was being a member of ATEO (The Association of Education Workers of Ourense); so the leaders of this organization had to use their wits to take cover. As a matter of fact, the number of Association leaders who were murdered came to a total of three people, who were not the most actively involved in its operation. Most of them managed to go into exile or remain in hiding.

KEY WORDS: repression of schoolteachers, Ourense, revenge murders, exile, dismissal, disqualification, temporary suspension, transfer

Introducción

O proceso represor sobre o maxisterio por parte dos sublevados franquistas deu continuidade á persecución iniciada anteriormente, por consideraren os sectores conservadores que os mestres tiñan un destacado papel na transformación das consciencias, non só da infancia, senón da cidadanía en xeral. O maxisterio estivo no punto de mira dos sectores conservadores e reaccionarios desde antes da implantación da República, e as descualificacións aumentaron a medida que avanzaba o proceso democrático. En plena República, abríronse expedientes que se quedaron en pequenas chamadas de atención ou sancións leves, a excepción de outubro de 1934, en que nove ensinantes pasaron pola cadea e mesmo algúns deles permaneceron presos ata o triunfo da Fronte Popular en 1936. Co levantamento franquista de xullo dese mesmo ano, moitos foron conscientes de que se enfrontaban a unha situación de moita máis violencia e que requiría outro tipo de precaucións. A militancia na ATEO era unha acusación que puña máis en risco a propia vida dos mestres, ou cando menos a súa continuidade na profesión. Por iso, moitos non se presentaron na escola en setembro de 1936, co fin de evitar unha realidade aínda máis dramática da vivida nos primeiros meses da represión. Analizaremos, en primeiro lugar, a dimensión global do proceso represor, durante os anos da guerra e nos inmediatamente posteriores, para entrar logo nos vellos argumentos de tipo ideolóxico cos que pretendían xustificalo e, finalmente, analizar os tipos de sancións, facendo fincapé en historias de vida máis relevantes de todo ese proceso.

Algunhas cifras da represión en Ourense

Os anos oitenta foron decisivos para reconstruír a memoria da represión sufrida polo maxisterio en Ourense, xa que as escasas fontes escritas conservadas en arquivos públicos, foron completadas en boa medida por testemuños persoais e documentos privados dalgúns superviventes da depuración franquista.

Un informante privilexiado foi Luís Taboada Camoeiras (1918-2010), cunha traxectoria vital vencellada ao Plano Profesional de Maxisterio implantado na II República, á Escola Laica Neutral, á Academia General e ás Mocidades Galeguistas. Mestre desde os anos corenta, na escola unitaria de Bouzas (Vilamarín), na área que eu definín como “o triángulo da represión”, integrado por ese concello, o de Amoeiro e o de Coles¹, convértese nunha testemuña de excepción. Ademais dos propios records, contribuíu a localizar un bo número de protagonistas directos dos procesos de republicanización e da posterior represión. Un café na casa de Dolores Santaefemia abriunos moitas portas, ao facilitarnos a colección de *Escuela de Trabajo*, que con moito risco gardara no Pazo de Velle o seu marido, Abel Carvajales. Revisando o seu consello de redacción e mais a listaxe de colaboradores, identificamos aqueles que aínda vivían e podíamos localizar facilmente. Deste xeito, Nova Escola Galega organizou un homenaxe o 14 de abril de 1985, no que contamos coa presenza de dirixentes destacados da ATEO e familiares².

As continuas conversas, as mesas redondas no Colexio Universitario e logo na Facultade de Humanidades, polo 14 de abril, e incluso records escritos, tanto os publicados³ como os inéditos⁴, foron claves para reconstruírmos a memoria dos represaliados. Fontes imprescindibles para dar sentido a unha documentación oficial manexada no Arquivo Provincial de Ourense, en carpetas que contiñan as nóminas do maxisterio durante os anos trinta. Nas nóminas de xullo, agosto e setembro de 1936⁵ aparecen as anotacións das sancións iniciais aplicadas ao colectivo, que logo irían sendo revisadas ao fío da lexislación represora ditada polo goberno sublevado.

¹ Xosé Manuel Cid, “Mestres de Amoeiro na República. Leccións de dignidade que enfureceron aos sublevados franquistas”, en *A barbarie silenciada. Amoeiro 1936*, ed. Xosé L. Carrión, Javier Quintas, X. M. Cid e Raul Soutelo (Santiago: Fundación Luís Tilve, 2014), 76.

² Armando Fernández Mazas, (1905-1999), Raúl González Gómez (1903-1996) e Baltasar Vázquez Fernández (1902-1994), Amparo Sánchez, viúva de Luís Acuña, Dolores Santaefemia, viúva de Abel Carbajales, Albino Núñez, fillo de Albino Núñez, José Sueiro, fillo de Manuel Sueiro e familiares de Adolfo R. Ansias. Tamén nos acompañaban Herminio Barreiro, pai e fillo, da comarca do Salnés.

³ As memorias de Armando Fernández Mazas, *Política y Pedagogía. Memoria Teórica de un Maestro de la A.T.E.O.* (Ourense: Ediciones Andoriña, 1990), reeditadas e ampliadas en 1995, e escritas a partir das nosas conversas continuadas ao longo dos anos oitenta, viñan a completar outras xa coñecidas, como as de Luís Soto, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. (Vigo: Edicións Xerais, 1983), ou as de Luís Bazal, *¡Ay de los vencidos!* (Toulouse: Polygraphe Universel, 1966). Amplamente coñecida era tamén a novela histórica de Silvio Santiago, *O Silencio redimido* (Vigo: Galaxia, 1976). Nun ámbito diferente ao do maxisterio, Ourense conta coas extraordinarias memorias de Santiago Álvarez (líder comunista) e Elixio Rodríguez (galeguista).

⁴ Raul González e Baltasar Vázquez responderon por escrito un amplo cuestionario que eu lles entreguei daquelas, e completaron con documentación dos procesos sufridos polos dous en senllos consellos de guerra.

⁵ Nóminas do maxisterio primario da provincia (Arquivo Histórico Provincial de Ourense). Documentos sobre depuración, caixa 964.



Armando Fernández Mazas (centro) e Luis Taboada (dereita), mestres da xeración republicana, xunto co autor do artigo.

Con esta selección de fontes, facémonos unha idea do extraordinario labor renovador, do incremento da escolarización, cun maxisterio mozo disposto a desempeñar un novo papel na modernización educativa e dinamización sociocultural dunha poboación que amosaba grandes carencias nesos ámbitos. E, por suposto, podemos dimensionar a amplitude e brutalidade do proceso represor, que se propuxo “deslexitimar a memoria escolar republicana” en palabras de Juan Manuel Fernández Soria⁶, valéndose de tres estratexias eficaces de represión: o escarmento, a reeducación e o exilio interior. Asunto ao que este autor xa dedicara outras reflexións, xuntamente con Carmen Agulló⁷.

E por que perseguir os mestres? En palabras de Fernandez Soria, por que son:

⁶ Juan M. Fernández Soria, “Desmemoria de la educación republicana en el franquismo”, en *Entre el olvido y la memoria. Educación, mitos y realidades*, ed. Teresa González Pérez (Valencia: Tirant lo Blanc, 2017), 73-104.

⁷ Nun traballo anterior referíase a esta confiscación da memoria afirmando que “se silencia a persoa, pero tamén ao colectivo docente”. Juan M. Fernández Soria e M^{re} Carmen Agulló Díaz, “La memoria confiscada del Magisterio (1931-1945)”, en *Memoria da Escola. Cultura material e testemuños da nosa Historia Educativa Contemporánea*, ed. Mercedes Suárez Pazos, Xosé Manuel Cid Fernández e Carmen Benso Calvo (Vigo: Xerais, 2006).

quienes estaban llamados a explicar –y aplicar– los fundamentos de la nueva transformación social: los intelectuales (pensadores, profesores, maestros...); por su tradicional función social de mediadores en la conformación de la opinión pública y de animadores de una nueva conciencia social apoyada en buena medida en las reformas emprendidas, iban a conocer el desprecio y la animosidad de quienes se levantaron contra la llamada —precisamente— “República de los intelectuales”⁸.

No mesmo sentido pronunciárase Antón Costa en referencia ao caso galego:

(A República foi) Algo así como a luz contra as tebras. E por iso, ergueuse esa gran violencia contra o profesorado, cara a dispoñer, por outra parte, dun profesorado, no peor dos casos dócil, cando non activamente implicado nos valores do Novo Estado⁹.

Dicião poeticamente o anarquista francés, Leo Ferré: “Hai algún tempo o señor Franco matou todos os rousinois que anunciaban a terra prometida”¹⁰.

Unha represión que enterrase o modelo escolar republicano

Unha escola republicana que respondía a un modelo ideolóxico no que o servizo da cultura era atribución esencial do Estado, que o prestaría polo sistema de Escola unificada: ensino primario gratuíto e obrigatorio, educación para todos, laica, en réxime de coeducación, activa –faría do traballo o eixo da súa actividade metodolóxica– e inspirada en ideais de solidariedade humana.

A Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense reflectía estes principios resumidos na portada da súa revista mensual, como evidencia de que o maxisterio de Ourense era un dos piares nos que se asentaba o cambio educativo e social.¹¹ Certos cambios administrativos ían tamén na liña democratizadora implantada: nomeamento de gobernadores civís, que centraban moitas das súas circulares na defensa da escola laica, democrática e pública –dous deles serían asasinados en 1936, Gonzalo Martín March e José Adrio Barreiro–, posta en marcha dos consellos escolares a nivel provincial, local e escolar, novas funcións da Inspección..., aínda que a ATEO consideraba que nestes órganos o cambio non ía ao ritmo desexado, acorde co ideario da República.

Se a dirección da asociación tiña un discurso elaborado e sistemático, construído a través da súa participación no movemento de loita pola implantación da República, as realizacións na práctica educativa favorecían a adhesión de novos mestres e o apoio da cidadanía ao rumbo que tomaba o sistema educativo público en todo o territorio provincial.

A creación de novas escolas con ensinantes novos en idade á súa fronte, estivo ao nivel do labor realizado no conxunto do Estado (en Galicia creáronse no primeiro bienio 1.228 escolas, das 9.620 creadas no Estado).

⁸ Fernández Soria, “Desmemoria de la educación republicana en el franquismo”, p. 75

⁹ Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Edicións Xerais, 2004), 1041 .

¹⁰ Citado e traducido por Ramon Luís Acuña no III Congreso de homenaxe a seu pai, “Silencio amargo, “spleen” estoico”, en *Actas do III Congreso Manuel Luís Acuña*, ed. Xoán Carlos Domínguez Alberte e Xosé Manuel Cid Fernández (Santiago: Xunta de Galicia, 2008), 247.

¹¹ Véxase o noso traballo polo 75 aniversario. Xosé Manuel Cid Fernández. “Educación, república e represión. 75 aniversario da utopía republicana”, en *ibidem*, 257-276.

Táboa 1. Novas prazas de profesorado entre 1931 e 1936

	1931	1936	Incremento	
			N.º	Índice
Mestres cidade	14	32	18	228.5
Mestras cidade	13	32	19	246,1
Mestres resto	619	915	296	147.8
Mestras resto	525	719	194	136.9
	1171	1698	527	145.0

Elaboración propia a partir das nóminas mensuais de marzo de 1931 e xuño 1936.

Cifra manexada en exposicións, como a elaborada pola Fundación 10 de Marzo,¹² que a mostraban de xeito gráfico, moi ilustrativo, aínda que pouco adaptada á realidade galega: as escolas en Galicia eran unitarias e mixtas preferentemente, mentres noutros territorios podían ter varias aulas na mesma escola graduada. Aínda así, a cifra de novos postos escolares en Galicia é moi meritoria. Destas 1228, Ourense creou 357 (368) no primeiro bienio, e 147 (159) no segundo, o que supuxo incrementar nun terzo as existentes a comezos da República.

Os salarios mais baixos, pagados polo Estado, subiron linealmente de 2000 a 3000 pesetas anuais e eliminouse a segunda escala en no que estaban os mestres e mestras de poboacións de menos de 500 habitantes (527 ensinantes promocionaron en Ourense).¹³ Para os concellos o gasto de alugueiro das aulas e vivendas dos mestres e mestras incrementou considerablemente o seu orzamento de gastos, que pasaba do 8% ao 12% de todo o orzamento municipal neses cinco anos da República.¹⁴

Supérase, polo tanto, unha aspiración histórica no Estado español que era a de ter un mínimo de catro escolas por cada mil habitantes. A escola contaxiábase co clima de exercicio da cidadanía e democratización, activando múltiples propostas para unha educación integral da infancia, animando os nenos e nenas a participaren en conferencias axeitadas á súa idade, organizar festas escolares –entre as que destacan as do 14 de abril–, editar xornais escolares, facer saídas polo entorno, instituír campos agrícolas, intercambiar experiencias con escolas próximas, fomentar o asociacionismo, participar en colonias ou cantinas escolares, ou promovendo Misións Pedagóxicas, inspiradas no modelo proposto polo Ministerio.

¹² Panel de creación de escolas, na exposición da Fundación 10 de Marzo. Visitada en Trives, durante a celebración do III Congreso en Homenaxe a Manuel Luís Acuña, 16-18 de novembro de 2006.

¹³ Xosé Manuel Cid, *Educación e ideoloxía en Ourense na IIª República* (Santiago: Andavira. 2010, 2.ª ed.), 40.

¹⁴ Xosé Manuel Cid, *Escola, democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a IIª República* (Ourense: Concello de Ourense e Universidade de Vigo. 1994), 158-162.

Que todo o país semellase unha inmensa cadea

O levantamento militar de 1936 por parte das tropas franquistas dá paso a un proceso de represión brutal que afecta a todo o colectivo, como ben dicía o profesor Fernández Soria na referencia citada. Aqueles e aquelas docentes que non se vían en ningunha listaxe de sancionados, tamén tiveron que renunciar a todo tipo de dereitos conseguidos, en canto a liberdades e iniciativas de renovación pedagóxica, volvendo de maneira voluntaria ou forzosa a un ensino patriótico e confesional, baixo a estreita vixilancia das autoridades educativas, militares e mais da propia veciñanza, o cal lle podía causar problemas ao colectivo docente, con denuncias sobre calquera cuestión privada ou profesional que o denunciante considerase allea ao novo discurso ideolóxico e ás súas propias crenzas. A este respecto, Domingo Rodríguez Teijeiro, historiador especialista na prisión central albergada no mosteiro de Celanova, afirma que

o fenómeno carcerario abrangúa moito mais que os propios presos ata o punto de facer que a totalidade do país se convertera nunha inmensa cadea... pois quen estivera en liberdade, non tiña seguridade de non ser encadeado, dada a irregularidade e arbitrariedade con que as leis franquistas permitían actuar aos falanxistas ou á propia policía política¹⁵.

O exilio interior e a autocensura foron as penas máis leves e as máis estendidas, particularmente naqueles profesionais que inicialmente foron “molestados” e logo repostos, con algún tipo de limitación, como traslados de destino ou inhabilitación para cargos directivos.

Daquelas sancións, en que o maxisterio se viu privado de dereitos laborais e económicos, de liberdade ou da propia vida, xa se teñen dado cifras e reconstruído biografías, que nos dan unha idea bastante certa das dimensións do proceso represor.

Tentamos resumir na Táboa 2 os datos máis salientables, organizados de maneira máis sintética a publicacións anteriores e con algúns pequenos cambios debidos a información incorporada e analizada xa nunha colaboración recente.

Táboa 2. Maxisterio activo en Ourense en 1936, trasladado ou pendente de destino que sufriu algún tipo de sanción

	Total	Sancionados	%*		Relación coa	
					ATEO	%**
Mestres cidade	32	5	15,63	7.8	4	80
Mestras cidade	32	0	-		-	-
Mestres resto	915	445	48,63	32.0	186	41.8
Mestras resto	719	77	10.7		21	27.3
Total	1698	527	31.0		211	40.0

¹⁵ Domingo Rodríguez Teijeiro, *‘Longa noite de pedra’ no Mosteiro de San Salvador. Represión e reclusión en Celanova (1936-1943)* (A Coruña: Vía Láctea. 1999).

	Total	Sancionados	%*	Relación coa	
				ATEO	%**
Desprazados e pendent des de destino		67		61	89,7
Outras educacións		18		3	17,6
Ensino privado		6		3	50,0
Total depuración		618		278	45,0

Elaboración propia con pequenas modificacións e reorganización de datos publicados en Cid, *Educación e ideoloxía...*, 127-172.

*Porcentaxe de sancionados en relación co número total de activos en escolas públicas.

**Porcentaxe de represaliados da ATEO en relación co total de sancionados nese nivel educativo.

Depuración da ATEO cunha forza proporcional á súa capacidade de renovación educativa

A dimensión da ATEO non nos sorprende, pois en diversos estudos e intervencións públicas xa temos feito referencia á súa traxectoria de renovación pedagóxica, ao valor histórico da súa publicación *Escuela del (de) Trabajo*¹⁶, e temos trazada a biografía de moitos dos seus integrantes ou colaboradores, vítimas dunha brutal represión. O que resalta na táboa é a vinculación que seguían tendo aqueles mestres que nos concursos de traslados realizados durante a República colleran destino noutras provincias galegas, e mesmo fóra de Galicia. Na relación de 67 docentes de primaria e 18 doutras profesións educativas, que publicamos no libro que serve de base para a elaboración da táboa, salientan nomes de mestres e intelectuais, fundamentais no devir da asociación e da revista, como Jacinto Santiago (profesor de maxisterio paseado en novembro de 1936) ou Gonzalo Martín March (último gobernador republicano en Ourense, con destino de mestre en Pontevedra, tamén asasinado nos primeiros meses do golpe militar).

Moitos dos nomes que nos resultan descoñecidos poden tratarse de mestres en expectativa de destino, *cursillistas* do ano 1936, e alumnado que remataba estudos na promoción do plano profesional. A represión nestes colectivos aínda necesita estudos mais locais que detecten novos casos, que se manteñen á marxe de calquera estatística oficial. O propio Luís Taboada Camoeiras foi mobilizado polo aparello militar e, encontrándose no cuartel da Coruña, tivo que vir a Ourense a defenderse dunha denuncia –á que deran credibilidade– consistente en ser o líder dunha manifestación en favor do Estatuto catalán, cando apenas tiña 13 anos. Tal era a impunidad dos represores que non contemplaron

¹⁶ Co título *Escuela del trabajo* publicáronse desde marzo de 1932 os seis primeiros números, cambiando de cabeceira por *Escuela de Trabajo* desde o número 7 ao 26 (abril de 1934). Interrompida durante os meses seguintes, reaparece en decembro de 1935, como órgano da A.T.E.O., xa afiliada a I.T.E. e a F.E.T.E. – U.G.T.

a presunción de inocencia, ante tal despropósito, senón que aproveitaron para torturar o detido e obrigalo a xuntar probas de que non era o instigador de tal manifestación. A nai tivo que petar na porta de curas, autoridades educativas e outras xentes de orde para libralo de penas maiores e que puidese volver ao cuartel. O seu testemuño pode encher ese baleiro que mostran outras fontes.

Testemuño que tamén foi decisivo noutros casos. Localizamos recentemente dous na área de Coles-Amoeiro, o de Concepción Fernández Vázquez (exiliada por imposición do cura de Abruciños, que lle asegurou que nunca ía estar á fronte dunha escola por ter irmáns comunistas presos) e Sindo Núñez Muñoz (irmán de Eligio), que se agochoou 11 anos nos muíños do río Mandrás en Cea, despois de que matasen a seu irmán. Nomes que non aparecen na listaxe encontrada na Casa do Pobo, nos arquivos da ATEO.

Están na relación os presidentes e/ou directores da revista, Albino Núñez, Luís Soto, Luís Acuña; un colaborador excepcional, como foi Juan Lacomba, antes do seu traslado a Valencia; Isidoro Cid Rivo, que moi pronto se trasladou a Vigo; Emilio Seco Carchena, que presidira a sección de Castro Caldelas, cando se tentou comarcalizar o funcionamento da Asociación e Evaristo Suárez Alberte, que fora director da Graduada do Carballiño e faleceu en 1934. Sorprendeunos inicialmente esta inclusión de mestres xa falecidos, aínda que ese feito pode reforzar a tese de que pretendían estender os efectos da represión á familia. Pode tratarse de falta de actualización dos datos, pero mantíñase a mesma política con mestres que foran paseados nos primeiros días do golpe militar, sobre os cales se estendía un tupido manto de silencio. Calquera que fose a situación vital da persoa, interesaba situar sobre ela o dedo acusador, co ánimo de desprestixialo e ter argumentos morais e políticos para molestar á familia.

Diciamos nun traballo anterior para referirnos a Jacinto Santiago, e a ausencia de calquera información sobre a súa morte nas actas do Claustro da Escola Normal: "privados de liberdade... ata para chorar"¹⁷. No meu inconsciente á hora de escribir ese titular, estaba o poema inédito de Luís Acuña, dedicado a García Lorca, que deixaba claro o propósito dos represores: sementaren o medo e o silencio. Decía o poeta de Trives¹⁸:

Federico García Lorca/
ni rezar pude en tu entierro/
En la noche te encontraron/
muerto/
con la sorpresa en tus ojos/ y con tus brazos abiertos/
En la noche – era la noche -/
Federico/
Ni rezar pude en tu entierro.

¹⁷ Xosé Manuel Cid Fernández, "O Pedagogo", en Fundación Vicente Risco, *Vicente Risco. O mestre sempre vivo* (A Coruña: La Voz de Galicia, 2003), 76

¹⁸ Ramón Luís Acuña, "Acuña ou a forza interior" en *Actas do I Congreso Manuel Luís Acuña*, ed. Xoán Carlos Domínguez Alberte (Santiago: Xunta de Galicia, 2001), 23.

Represión no ensino público e no privado

Outro dato que chama a atención foi a escasa incidencia da represión no maxisterio público da capital. Puxemos de manifesto esa porcentaxe para analizar as causas, que probablemente teñan que ver coa antigüidade que se require para achegarse á cidade. Porén, a pedagogía renovadora si se achegaba á capital, solicitando escolas de concellos próximos, como o de Canedo (barrio da Ponte que hoxe está unido á cidade), Pereiro, Amoeiro, Coles, Vilamarín ou A Peroxa. Nestes concellos a represión foi superior á media provincial. As porcentaxes de docentes afectados directamente pola represión, que xiran ao redor da terceira parte do maxisterio, soben considerablemente tanto se nos referimos a membros da ATEO como se diferenciamos mestres de mestrás. Tamén aparecen no mapa provincial comarcas especialmente castigadas, como son os concellos dos arredores da capital, ou a área de Valdeorras. Esta porcentaxe chega ao 42% en Valdeorras e ao 40% nos arredores da capital. No segundo caso, a militancia na asociación é alta, pero no primeiro hai outros factores que descoñecemos, e que probablemente teñan que ver coa implicación política e sindical do maxisterio noutras organizacións diferentes. A distancia da capital fai que non tivesen moita conexión coa asociación dos traballadores do ensino provincial.

Quixemos recoller tamén na táboa aqueles mestres de ensino privado que nos consta que foron represaliados: Decretouse prisión para os mestres da Escola Laica Neutral –coa clausura da mesma– en concreto para o mestre Sinfiriano Luengo e a mestra Teresa Roqueta; Manuel Sueiro, fundador da Academia General de carácter tamén laico; e Eduardo Villot Canal, profesor desta última e que foi paseado. Estes datos son necesariamente incompletos pola pouca información que temos sobre profesorado de ensino privado. Ademais destes centros laicos, fundouse neses anos o Colexio Concepción Arenal, como escisión do Colexio Cisneros, vencellados ambos a mestres de orientación galeguista, o que nos fai pensar que tamén serían “molestados”. Só nos consta que fose represaliado Leuter González Salgado, que ademais do labor docente, era o primeiro concelleiro nacionalista do concello da capital e membro da Deputación provincial. Outro mestre do ensino privado que se exiliou á Arxentina é Alberto Vilanova. A ideoloxía de profesorado do ensino privado con frecuencia non era explícita, pois captaban alumnado moi plural, pero ben é sabido que nos anos corenta moitos mestres represaliados encontraron en academias e centros privados un espazo laboral importante, o que os levou a seren considerados como “illas do saber” nunha recente homenaxe que se lle fixo á Academia de Vicente Bóveda, ao Colexio Sueiro, aos estudos Galicia de Albino Núñez e a Angelita Paradela. Non se trataban certamente de xentes conservadoras.

Represión das mestrás: unha perspectiva de xénero

Finalmente, merece un comentario a diferenza nos datos da represión de mestres e mestrás. Quedarnos só coas estatísticas fainos perder de vista a perspectiva de xénero. Os números van cadrando con algúns datos que aínda se poden completar, pero sen variar significativamente as cifras mostradas. O que resulta máis difícil é interpretar porque os

números son os que son, e no caso das mestras estamos ante un caso de dobre silencio: a ocultación do seu labor e do seu sufrimento, e o silencio imposto sobre o que sabían que lle tiña acontecido aos seus.

Nun recente traballo iniciamos unha liña de investigación que fixese mais explícito o traballo renovador das mulleres e o sufrimento da represión nas súas persoas e familiares, que ía moito máis alá dos números de mestras apartadas do ensino. “Con esta nova mirada da historia, levántase o silencio sobre a historia das clases populares, en especial no caso das mulleres, que estaban dobremente silenciadas. Por democratas preocupadas polas clases populares, e por mulleres”¹⁹.

Táboa 3. Mostra de mulleres vítimas de represión non oficial na contorna do maxisterio

Ernestina Otero Sestelo	Maxisterio Pontevedra	Acusacións de mala esposa, mala nai e mala cristiá	Desterro a Ourense (1940-1950) Exilio interior
Beatriz Murias Cantón	Mestra	Casada con Francisco Sierra	Perseguida coa súa filla Esther Sierra Murias de 8 anos. Agochadas polos veciños de Guntimil nos meses mais duros.
Ludivina Trabazos	Mestra	Casada con Eligio Núñez. Embarazada.	Separación definitiva. Viúva Tortura para localizar o seu marido
Rosa Domínguez Rego		Casada con Rafael Alonso	Torturas para localizar a Rafael. Viúva
Concepción Fernández Vázquez	Mestra	Familia de “roxos”	Loitar por sacar da cadea os seus irmáns. Exilio na Arxentina.
María Bouzas	Mestra	Irmá de J. Luís Bouzas. Casada co Dr. Carnicero.	Separación definitiva. Exilio en México.
María del Valle		Nai de Manuel	Présa en Celanova, prendéronlle lume rociada con gasolina
Dolores Santaufemia	Mestra	Casada con Abel Carvajales	Visita diaria ao Comandante Soto, para pedir a liberdade e evitar o paseo
Concepción Viéitez	Mestra	Casada con Amadeo López Bello	Viúva. Torturas e esforzo por evitar o paseo de Amadeo
Carmen López Bello	Mestra	Irmá de Amadeo	Separación definitiva. Familia moi “molestada”

Elaboración propia

¹⁹ Xosé Manuel Cid Fernández, “Que dicir de *Herdeiras* desde a historia da educación?”, en *Herdeiras. Muller, memoria, identidade* (Libro e Video-CD con 10 temas musicais e a curta “Bucle” de Margarita Ledo Andión), ed. Carmen Penim (Vigo: Inquedanzas Sonoras, 2017), 45-51.

Raúl Soutelo, na análise do acontecido en Amoeiro, dá testemuños arrepiantes do maltrato ás mulleres.

Ensañáronse especialmente coas donas e fillas dos “roxos” que liscaran a tempo... a Carolina Regueiras de Bóveda. A esta os japistas de Tamallancos violárona, asasinárona e deixaron tirados os seus deposedos na beirarrúa para escarmiento público o día de feira.²⁰

Sen finais tan trágicos, esta foi a situación de moitas mulleres, cando os seus familiares estaban escondidos fuxindo da barbarie:

A nada que afondemos nunha historia dramática dunha vida de mestre hai moitas mulleres que tamén sufriron as consecuencias da mesma represión. Nuns casos perseguíndoas a elas mesmas, noutros casos deixándoas viúvas con fillos, e sen recursos, con permanente privación de dereitos e liberdades básicas²¹.

Amalia Bóveda, nena aínda cando asasinaron a seu pai, non esquece o acoso escolar sufrido nos anos corenta, propiciado polos propios responsables da educación, apartándoa do grupo, cando tiña lugar algún acontecemento importante na escola.

Por iso, esta mostra ampliárase a pouco que recollamos información na contorna de calquera mestre perseguido, ou como vimos no caso de Amoeiro, na contorna de calquera democrata sinalado pola escopeta dos represores. Baltasar Vázquez, director de *Escuela de Trabajo* durante varios números, escoitou desde o monte onde estaba agochado dous disparos que, supostamente, apuntaban *ás súas dúas irmáns xemelgas menores, no patio da súa casa en Gabín (Montederramo), como parte da violencia exercida sobre as familias para conseguir que se entregasen os refuxiados. Na contorna de Ignacio Herrero, Adolfo Rodríguez Ansias, Armando Fernández Mazas, e outros mestres que tivemos o pracer de coñecer na súa vellez, aconteceran episodios igualmente dramáticos.*

Ademais desa violencia sobre as mulleres cando se pretendía amedrentar os seus familiares escondidos, hai un total de 80 mestras represaliadas, das cales 19 foron obxecto de separación definitiva ou exilio. Ao exilio de María Bouzas, con destino a México, despois de ser paseado o seu irmán José Luís Bouzas, e da persecución que sufrira o seu marido, o doutor Carnicero²², engadimos o de dona Concha Fernández, que ela mesma nos puido contar con case 100 anos, despois da volta á súa casa no concello de Amoeiro. Chama a atención o elevado nivel de represión en Valdeorras, onde a pertenza a ATEO estaba moi por baixo da media doutras comarcas. Alí as mulleres represaliadas sobe do 20%, o que fai dela a primeira comarca en proporción de mestras afectadas pola represión. Pero ademais das 12 afectadas, 6 sufriron separación definitiva do ensino. Moitas destas mulleres eran activistas no plano político e sindical, polo que era frecuente o alcume de “Pasionaría”, que nesta comarca corresponde a María Losada Estévez, concelleira en Petín, linceira con Larouco, onde tiña a escola.

²⁰ Raúl Soutelo, “A memoria da barbarie estaba silenciada arredor de nós”, en *A barbarie silenciada*, 92-93.

²¹ Cid Fernández, “Que dicir de *Herdeiras* desde a historia da educación?”, 43

²² David Simón Lorda, *Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e a Posguerra* (Santiago: Fundación 10 de Marzo, 2010).

Táboa 4. Mulleres que sufriron separación definitiva

Mestra	Escola	Concello	ATEO	Sanción
Consuelo Álvarez Crespo	Nenas	O Barco	Non	SD
Mercedes Biel Trepite		Rubiá	Non	SD
María Bouzas	Nenas Novo destino	X. Ambía Ponte Canedo	Si	Exilio (México)
Remedios Dorrío	Bustelo	X. Ambía	Non	SD
Carmen Fdez Lorenzo	Candeda	A Veiga	Si	SD
María Fernández Salgado	Tosende	Baltar	Non	SD
M ^a Concepción Fernández Vázquez		Amoeiro		Exilio (Argentina)
Flora Emma Gil	Nenas	Paderne	Non	SD
Rufina Glez Ordas		Rubiá	Non	SD
Carmen López Bello	Coutiño	Parada	Si	SD
María Losada Estévez,	Seadur	Larouco	Non	SD
María Cleofé Osorio	Berrande	Vilardevós	Si	Suspendida
Delia Osorio	Castro	Canedo	Si	SD
Encarnación Penín Garrido	Magdalena	Monterrei	Non	SD
Felisa Pedreira Deibe	Nenas	O Barco	Non	SD
Ramona Seijo	Rabeda	Taboadela	Non	SD
Ludivina Trabazos	Louredo	Maside	Si	SD
Concepción Viéitez	Figueiredo	C. Avia	Si	SD
Teresa Roqueta	Laica Neutral	Ourense		Clausura da escola

Elaboración propia

Entre as mestras que xa non estaban en Ourense en 1936, encontramos a Rosa Pons i Fábregas, que tivo mellor sorte no dobre proceso de represión padecido. No primeiro, en Parada de Sil²³, os informes (afortunadamente amigos) dicían que era descoñecida na comarca. Logo, en Barcelona, pasaría mellor o interrogatorio, pois as preguntas xa eran mais relacionadas co feito durante a guerra e non coa súa vida anterior. Viñera aquí desterrada en 1925, por dar clase en catalán, e no ano 1936, en tempos máis violentos, contou con amigos para os informes pertinentes. Tivo escola en Sacardebois, a oito quilómetros de Parada, á que ía andando cos dous fillos, por lle teren requisado o coche familiar os falanxistas. Tamén tivo que practicar a autocensura e o exilio interior para saír do paso e

²³ Xosé Manuel Cid Fernández, *Rosa Pons i Fábregas, unha mestra europea en Parada de Sil* (Ourense: Nova Escola Galega/Concello de Parada de Sil, 2009).

volver a Barcelona en 1939. O clericalismo e patriotismo que reflecten as novas libretas das nenas dan boa conta da súa renuncia ao talante renovador dos anos vinte e trinta²⁴.

Tampouco estaba en Ourense ao final da República Elisa Fernández Rodríguez, de Manzaneda, a única mestra que colaborara en *Escuela del Trabajo*.

Non foi por casualidade

Os termos utilizados tanto en circulares de destitucións colectivas como en expedientes de cargos a docentes individuais, cheos de mentiras e descualificacións persoais e profesionais, non constitúen unha novidade da depuración de 1936. Os expedientes de 1934 ían na mesma liña e reflectían o discurso da ideoloxía máis rancia e conservadora, da que se facía eco a prensa da dereita desde anos antes. No caso de Ourense, os diarios *La Región* e *Galicia* contrastaban co discurso fresco e renovador do diario *La Zarpa*, de Basilio Álvarez, ou dalgúns semanarios que tiveron máis curto recorrido. E, por suposto, estaban nas antípodas do pensamento educativo elaborado polos redactores de *Escuela de Trabajo*, con especial destaque das colaboracións de Juan Lacomba, Abel Carvajales, Albino Núñez, Baltasar Vázquez, Luís Soto ou Jorge Pla (pseudónimo de Armando Fernández Mazas), habituais en moitos números.

Algúns destes mestres eran afíns ao republicanismo liderado por Azaña, que tiña un referente no ourensán Manuel Martínez Risco, catedrático e deputado afincado en Madrid, e outros simpatizaban co galeguismo ou co socialismo-comunismo, pero a gran maioría, particularmente no primeiro bienio, seguían a Marcelino Domingo e ao Partido Radical-Socialista, con referentes en Ourense da entidade do deputado Alfonso Pazos, o mestre da privada Manuel Sueiro ou o profesor de Maxisterio Jacinto Santiago.

A ATEO e os radical-socialistas foron desde o primeiro momento obxecto de ataques na prensa local, ou en mobilizacións promovidas nas vilas máis clericais, con motivo preferentemente da retirada dos crucifixos das escolas, ou pola súa participación en mitins agrarios ou republicanos. Campañas que foron aumentando a medida que avanzaba a política educativa republicana, e que foron xa moi virulentas despois do trunfo conservador no segundo bienio.

Herrera Oria, en colaboracións reproducidas pola prensa local, axuizou o labor do maxisterio desde os supostos do maniqueísmo social e antropolóxico da doutrina católica do momento:

El Ministro –expón nun artigo de xaneiro de 1935– tiene obligación de legislar de tal manera que los buenos aparezcan como buenos y los malos como malos, y de este modo se verá como la mayoría merecen la consideración de las familias, de la Iglesia y de la Patria²⁵.

²⁴ Xosé Manuel Cid e Nuria Diéguez, “Els quaderns escolars de la mestra Rosa Pons i Fabegas, testimoni d’una nova pedagogia en escoles gallegues i catalanes”, en *Imatges de l’escola, imatge de l’educació*, ed. Francesca Comas, Sara González, Xabier Motilla e Bernat Sureda, (Palma: Universitat de les Illes Balears, 2014), 127-136.

²⁵ E. Herrera, “¿Son populares los maestros?”, *Galicia* (20 de enero de 1935).

Entre os bos estarían os que mantiveron o confesionalismo, especialmente as mestras, que o fixeron “a pesar de que el Estado les amenaza con quitarles el pan cotidiano”; entre os malos, os indiferentes ou contrarios aos principios e prácticas da relixión católica no ensino, “fruto de un laicismo irracional impuesto desde las alturas del M.I.P”²⁶.

Non só pedía a revisión da lexislación educativa elaborada no primeiro bienio, senón que estaba solicitando unha depuración no seo do maxisterio público, incluíndo entre os sancionados aqueles que se limitaran a defender a lei e levala á práctica.

A nivel local, os ideólogos da educación confesional facían uso de dúas armas moi poderosas contra do maxisterio: a promoción de expedientes de incompatibilidade coa veciñanza e o desprestixio por medio de xornais afíns. Aproveitando a conxuntura da revolución de outubro de 1934, materializaron o discurso ideolóxico con denuncias e a represión conseguinte, que podía ter sido peor de non estar precedida dun amplo concurso de traslados. Na provincia foron encadeados nove ensinantes (Ignacio Herrero, Adolfo R. Ansias, Rafael Alonso, Sebastián Vázquez, Luís Bazal, Castor Rivera, Evaristo Outeiriño, Armando Fernández Mazas e Amadeo López Bello). Moitos outros sospeitosos para o clericalismo solicitaran destino noutras provincias (entre eles Luís Soto, Isidoro Cid Rivo, Luís Acuña, Juan Lacomba...).

Na prensa xa comezara esta campaña durante as eleccións xerais de 1933. Un artigo recollido do semanario *Ellas*, incitaba aos pais a denunciaren os mestres laicos. O máis grave dos seus actos, segundo o autor, era que “a pretexto de educación sexual se ponen en manos de los niños y niñas libros realmente pornográficos”, así como “o escarnio de los dogmas de la religión”. A estes mestres había que “vigilarlos”, facerse con probas, e “una vez en posesión de ellas –recomenda o autor aos lectores–, denuncien al maestro delincuente al señor Juez de Instrucción”. Sendo mestre o ofensor das boas costumes, podía ser encadeado, segundo o artigo 434 do Código Penal²⁷.

Neses intres de crise que desencadeou a caída do goberno reformador, *La Región* tamén comezou a prestar atención aos mestres “revolucionarios”. Afirmaba o diario dos católicos, con certa preocupación, que tiñan influencia en moitas escolas rurais, e mesmo na capital, onde ocupaban escolas provisionalmente. Dous anos de publicación de *Escuela de Trabajo* e unha activa militancia político-sindical configuraban un perfil de ensinante en total oposición coa figura do mestre tradicional, tan útil aos propósitos reaccionarios. Isto fixo que, ademais das críticas á política ministerial, personalizasen as súas críticas en mestres concretos, que tiñan responsabilidades na asociación, na revista, ou en corporacións municipais.

Nun editorial de *La Región*, podemos ler:

No sabemos muy bien, y es posible que tampoco lo sepan los propios interesados, de qué clase de extremismo se trata. Quizá sea comunismo, quizá anarcosindicalismo, quizá falansterianismo. Pero el

²⁶ *Ibidem*.

²⁷ “¡Padres! ¡Denunciad a los tribunales de justicia al maestro laico que corrompa a vuestros hijos!”, *Galicia* (26 de septiembre de 1933).

caso es que los radicales socialistas en cuestión, que personalmente pueden incluso ser muy buenos muchachos, son terriblemente revolucionarios. A ellos se debe que en muchas escuelas rurales canten los niños la internacional.²⁸

Na cidade, onde lles era tan complicado chegar aos mestres novos, produciuse algunha interinidade en escolas recentemente creadas como as do ex-hospital das Mercedes, ocupadas interinamente ata xuño de 1933 por Ansias, Salgado del Moral e Patricio Arce. Eran o foco urbano desa educación moderna que a prensa conservadora estaba empeñada en combater, sen argumentos novos. Latexaba no fondo da descualificación o clásico esquema ideolóxico que identificaba catolicismo con civilización e laicismo con barbarie. *La Región* aproveita para lembrarse deses mestres no segundo bienio cando foron substituídos por outros mais afíns ao ideario conservador:

Ya han pasado cinco meses con los nuevos maestros los chicos y no son pocos todavía los que se resisten a los nuevos modos respetuosos, delicados, correctos... Aquellos niños que sólo sabían en la calle apedrear, amedrentar e insultar, lanzar escupitajos y baba de la suciedad y relajación en que se les educaba, ya saben saludar ahora y respetar a la gente y ver la vida de otro modo...²⁹

Logo da revolución de outono, en nome dos principios tradicionais de orde, patria, familia e relixión, tentouse intervir en tres frentes: rematar o proceso de desmantelamento da ATEO³⁰, comezado en novembro de 1933; responsabilizar a escola laica e os seus ideólogos da obra revolucionaria; e aproveitar a conxuntura para dar un novo pulo ás escolas católicas paralelas, ao asociacionismo católico do maxisterio e ao sindicalismo cristiá, co fin de atraer cara ás filas católicas as bases sociais que estaban organizándose baixo outras ideoloxías, como a dereita galeguista e algún republicanismo moderado, cuxa atracción cara ao conservadorismo consideraban doada.

Nas descualificacións dos mestres facíase uso de frases despectivas, ao tempo que se caracterizaba a política do primeiro bienio de “incivil, plebeya y miserable”³¹. Nos ataques apuntábase a institucións que, no entanto, pouco contribuíran ao proceso de laicización educativa, como a Inspección e os consellos escolares. *La Región* acusou á Inspección en dous soltos, un da autoría da propia redacción e outro dun anónimo pai de familia. No primeiro podemos ler:

La Inspección le ha abierto un expediente, pero según todos los rumores en forma tal que de sus resultados se nos ofrecerá a estos analfabetos y pedantuelos [maestros] como palomas de la paz y embajadores de todas las dichas.³²

O texto facía referencia aos expedientes abertos a “media docena de cabecillas”, aínda que a campaña tivo continuidade nos anos seguintes, facendo extensivas as súas alusións

²⁸ “Nuestros radical-socialistas”, *La Región* (23 de octubre de 1933).

²⁹ “Las escuelas del hospital viejo, rescatadas”, *La Región* (23 de diciembre de 1933).

³⁰ “Maestros comunistas detenidos”, *La Región* (28 de outubro de 1934); “La Inspección de 1^ª Enseñanza y los maestros detenidos”, *Galicia* (28 de outubro de 1934) e *La Región* (2 de novembro de 1934); “Maestros destituidos”, *La Región* (8 de novembro de 1934); “Atención al disco rojo. Hay que vigilar a los malos maestros”, *Galicia* (11 de decembro de 1934); “Esos maestros ateos”, *La Región* (8 de novembro de 1934).

³¹ “Esos maestros ateos”, *La Región* (8 de novembro de 1934).

³² “Maestros comunistas detenidos”, *La Región* (28 de outubro de 1934).

ao conxunto da asociación³³, e desautorizaba as institucións democráticas por incapaces de realizaren esa depuración como a eles lles interesaría. Calquera asociación, que non tivese o seu control, era sospeitosa e debería ser ilegal:

Los maestros como tales maestros –entendía Rey y Paz– no pueden constituir asociaciones de carácter político, mucho menos con programas antinacionales y antipatrióticos de lucha y rencores. Se impone una depuración que debían hacer los Consejos Locales de Primera Enseñanza, si estuviesen debidamente constituidos, y no por mayoría de maestros, como sucede ahora³⁴.

O proceso foi semellante noutras zonas do Estado, tal como apunta M. Pérez Galán analizando os datos de Asturias. *El Sol* comentou a nivel central as esaxeracións de Gil Robles e do seu diario ABC.³⁵

A resolución do expediente de Ignacio Herrero é unha mostra de que a democracia aínda daba algunhas garantías en 1934. Algo que non acontecería coa interrupción da dita democracia pola forza.

Resultando que el Comandante militar de la plaza acordó suspender de empleo y sueldo al Maestro señor Herrero, como consecuencia del atestado levantado por la Guardia Civil, en el que se le imputaba de inculcar a los niños doctrinas de carácter subversivo e inmoral...

Resultando que el Instructor del expediente de revisión dispuso se interrogara a los niños de la escuela y a varios padres, manifestando unos desconocer los hechos de que se acusa al maestro y otros que les enseñaba a no respetar a los padres y a las personas mayores...

Considerando que de las diligencias instruidas en las dos ocasiones no se desprenden claras acusaciones probadamente probadas contra el maestro señor Herrero, sino imputaciones que si algunos las mantienen, los más las rechazan;

Considerando que al parecer los que se manifiestan en contra del maestro lo hacen más movidos por diferencias de opinión y apasionamientos políticos que por especial cuidado de la enseñanza...

Este Ministerio ha resuelto sobreseer el expediente...³⁶

A maneira de proceder non mudara moito no ano 1936. Pódense ver os mesmos argumentos, que viñan utilizando as forzas contrarias á educación republicana, no expediente de don Raúl González³⁷. O que si cambiou foi a falta de garantías e a arbitrariedade da represión, xusto o que viñan demandando os dedos acusadores a través dos artigos de prensa sinalados.

...habiendo hecho, valiéndose de su cargo, una gran propaganda a favor del Frente Popular, siendo principal dirigente de las masas marxistas de dicho pueblo y su comarca, y organizador de todo lo ocurrido en la misma contra la causa de España...

³³ Na asemblea de creación da Casa do Mestre, censurouse a intervención dos mestres da ATEO, e nas vésperas das eleccións de 1936 volveu de novo a pantasma do comunismo na escola. *La Región* (13 de febrero de 1936).

³⁴ V. Rey, "Atención al disco rojo. Hay que vigilar a los malos maestros", *Galicia* (11 de diciembre de 1934).

³⁵ Segundo este autor, os mestres asturianos, "empleando criterios del gobierno, tuvieron alguna participación en la revolución solamente un 2%". Mariano Pérez Galán, *La enseñanza en la Segunda República española* (Madrid: Cuadernos para el Diálogo, 1975), 236.

³⁶ *Boletín Oficial del M.I.P* (30 de abril de 1935).

³⁷ "Testimonio de sentencia", 4 de febreiro de 1939, arquivo persoal do mestre.

En el aspecto profesional enseñaba a los niños de su escuela doctrinas disolventes, llegando al extremo de coger un crucifijo y arrojarlo al suelo en presencia de sus alumnos, los que efecto de las expresadas enseñanzas, proferían y escribían blasfemias con el beneplácito de su profesor”

As denuncias de participación política, fosen ou non certas, e o “adoutramento”, case sempre inexistente, tiveron, por fin, a resposta da autoridade, pero dunha autoridade ilegal e ilexítima. Neste caso, a mentira no aspecto profesional foi desmentida pola propia inspectora, Antonia Ortiz Currais, o que lle custou traslado a Lugo.

Fosen artigos de prensa, fosen resolucións da superioridade, o ton ideolóxico era o mesmo: non eran necesarias probas, abondaba con acusar individual ou colectivamente ao maxisterio de todos aqueles males que para eles traía a educación republicana:

No atendían su función docente –y esta es en realidad la única atenuante que tienen a su favor–; pero el hecho es que a sus escuelas llevaban todo tipo de propagandas subversivas de toda moral, infiltrando en el espíritu de los niños doctrinas políticas y aberraciones de una pedagogía soviética...³⁸

Tipos de sancións

Neste último apartado faremos referencia aos tipos de sancións, deténdonos naquelas que foron mais graves, e que afectaron a un número considerable, dentro do grupo de 618 sinalados na Táboa 2. O grupo mais numeroso de represaliados e represaliadas corresponde ás sancións mais leves, de suspensión temporal de emprego e soldo, inhabilitación para cargos directivos e traslado de destino. Porén, o que chama a atención de estudosos deste período é o importante número de paseados, destituídos e exiliados rexistrado nunha provincia en que a contestación ao golpe militar foi mínima.

Paseos e consellos de guerra

Case todas as mortes en Ourense se corresponden coa represión paralegal, consistente nos coñecidos “paseos”, executados por falanxistas, acompañados ou non pola propia garda civil. Os datos que se ofrecen na Táboa 5 proceden das nosas investigacións anteriores, contrastadas coas fichas do proxecto “Nomes e Voces”, comezado en 2006³⁹. Este proxecto é froito dun convenio das tres universidades galegas⁴⁰ coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, co obxectivo de estudar a represión en Galicia durante a guerra civil e o franquismo, e sistematiza a información que viñamos manexando en diferentes publicacións.

³⁸ Orden do Comandante Militar, Luís Soto, de 1 de agosto de 1936 de destitución, cese e suspensión de emprego e soldo de mestres localizados no Libro-rexistro de afiliados á ATEO. Recollida en anexo da tese doutoral de Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación y Sociedad en Ourense durante la II República*, Universidade de Santiago, 1987, 763-765.

³⁹ Lourenzo F. Prieto, “As vítimas, os nomes e as voces: proxecto de creación dun Arquivo Público da Memoria”, Consellería de Cultura <http://victimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=>

⁴⁰ Pola Universidade de Vigo, colaborou no proxecto Julio Prada, investigador de referencia sobre a represión en Ourense desde o seu libro *Ourense, 1931-39* (Sada: Edicións do Castro 2004).

Táboa 5. Mestres asasinados nos procesos de represión franquista

Mestre	Escola	Localidade	A.T.E.O.	Data morte extraoficial/ Sanción oficial
Rafael Alonso	Unitaria Nenos	Amoeiro	Si	P 21-09-37. Curva Grande do Rodicio-Maceda SD 24/4/40
José Luís Bouzas	Flariz	Monterrei	Si	P 01/09/36. Poula de Martiño. Pentes-A Gudíña
Antonio Caneda.	Medos	Río	Si	P 29-08-37. O Paraño SD 24/4/40
Antonio Dopazo Fdez	Triós	Pereiro	Si	P 14-09-36. Codesal-Ribadavia
Manuel Gómez del Valle	Substituto	Amoeiro	Si	CG 11/08/36 Campo de Aragón- Ourense
José Gómez Gayoso Nacido en Maceda	Non exercía	Vívía en Vigo		CG Coruña 06/11/48
Julio González Álvarez	Gontán	Verea	Si	P 29/08/36. Poza da Ras. Ourille- Verea
Amadeo López Bello	Beiro	C. Avia	Si	P 29/08/36. Poza das Ras-Ourille- Verea
Gonzalo Martín March	Non exercía (gobernador)	Ourense		CG 17/09/36 Campo de Aragón- Ourense
Eligio Núñez Muñoz	Cambeo	Coles	Si	P 01/11/36. Arca Aberta. Vilari- ñofrío
Camilo Palmeiro Fdez	Corzos	A Veiga	Si	P. Ponte Bibeí- Trives
Justo Prada López	Córgomo	Vilamartín	Non	CG 20/11/37. Xixón
Longino Rodríguez de la Iglesia	Regueiro	Boborás	Non	P Carballiño Separación 24/4/40
Félix Salgado del Moral		C. Miño	Si	Fusilado en filas por arengar aos soldados
Jacinto Santiago García	Maxisterio	Ourense	Si	P 01/11/36. Arca Aberta. Vilari- ñofrío
Francisco Sierra Rodrí- guez	Mosteiro	Xinzo	Si	P 02/08/36. Curva da Revolta. Nanín-Allariz
Eduardo Villot Canal	Mestre do colexio Suevo		Si	P 18/08/36. O Furriolo-A Bola- Celanova

P=Paseo; CG=Consello de guerra; SD=Separación definitiva

Como se pode apreciar, a maior parte dos asasinados foron vítimas de mortes sen xuízo, e todos eles sen dereito de auténtica defensa. Na documentación de arquivo manexada constátanse outras tres mortes durante ese período, pero só sabemos que os mestres foron suspendidos de emprego e soldo e/ou pertencían a ATEO. Non temos máis información, e aínda que fixemos moitas preguntas nas vilas e lugares, ninguén achegou datos das condicións da súa morte. Puido ser natural, pero no tempo en que estaban separados do ensino por pertenza a ATEO. Referímonos aos mestres Eligio Álvarez Rodríguez (Matamá-Gomesende); Francisco Torío Rodríguez (Alende-Peroxa, falecido o 8 de agosto de 1936); Serafín Rodríguez Rodríguez (Sarreaus, falecido en xuño de 1937). Un cuarto caso é o do mestre de Mouruás, en San Xoán de Río, que non nos consta en ningunha escola da provincia despois do traslado en 1932, nin figura en ningunha estatística, aínda que varios informantes da vila coinciden en sinalar que foi asasinado⁴¹. Deixámolo, pois, cun interrogante.

De moitos dos mestres sinalados como paseados, fixemos xa algunhas biografías, polo que non repetiremos información xa publicada. Só convén subliñar o feito de que se elixían puntos distantes do lugar de residencia para abandonar os mortos, nuns casos ocultándolle á familia o feito, e noutros facilitando a información para que fosen recuperados os corpos e enterrados na parroquia de residencia.

Na novela histórica de Silvio Santiago⁴², ou nas memorias de Alfonso García Rojo⁴³ e Armando Fernández Mazas⁴⁴, atopamos detallada información dalgúns casos emblemáticos. Neste diálogo podemos entender que se trata de José Luís Bouzas, na cadea de Verín onde Silvio estaba preso:

- Vostede parece irmán de Don Elói, (Jacinto) un profesor que eu tuven.
- Sí, son irmán.
- Excelente profesor. ¿E qué é del?
- Tamén está preso....
- Eu fun alumno seu. Son maestro... Vin a incorporarme á escola, i ó descer do automovile fun detido por uns individuos da banda dun tal Ameneiro. Eu non quería vir, pero un tío meu que é crego en Alarico, (Allariz) donde eu son, aseguroume que nada me acontecería...

⁴¹ Visitamos a vila na compañía de Florencio de Arboiro (da localidade próxima, na que foron represaliados o seu avó e outros familiares do recoñecido artista e recolleiteiro da memoria dos afaidores), falando con persoas coñecidas del, que pediron gardar o anonimato.

⁴² Silvio Santiago, *O Silencio redimido* (Vigo: Galaxia, 1976).

⁴³ Alfonso García Rojo, "Al final del camino", en *Alfonso García Rojo, mestre republicano da Ribeira Sacra. Relatos autobiográficos* (Vigo: Consello Social da Universidade de Vigo, 2008). Introducción e edición de Xosé Manuel Cid.

⁴⁴ Armando Fernández Mazas, *Política y Pedagogía* (Ourense: Andoriña, 1990, 2.^a ed. 1995).

Logo de o ter sacado, a Garda Civil anduvo tola dun lado para outro procurándoo, e despois de moito buscar, atopárono morto nunha cuneta. O Ameneiro e os seus deran cabo del....⁴⁵

Jacinto foi o único profesor de Maxisterio asasinado, unha morte exemplarizante entre o restante profesorado. Apareceu en Vilariñofrío. Así o describe Fernández Mazas nas memorias antes citadas⁴⁶:

Detenido y encarcelado, fue sacado de la cárcel de Celanova en compañía de don Fructuoso Manrique (Teniente Coronel de carabineros), don Aquilino Sánchez (Alcalde de Carballiño) y de su compañero y admirador de su genio periodístico, el maestro de Cambeo, Eligio Núñez Muñoz (quien le ayudó a sostenerse, pues Jacinto sufría del corazón...). Fueron asesinados en las cercanías de Villarinofrío, una mañana de aquel otoño sangriento de 1936.

Nelas Fernández Mazas inclúe tamén breves biografías doutros camaradas da ATEO, como son Amadeo López Bello, Rafael Alonso Rodríguez, Antonio Caneda Rodríguez, Eduardo Villot Canal, Manuel Gómez del Valle e Félix Salgado del Moral. Non se esquece de alguén moi próximo ao maxisterio, como é Roberto Blanco Torres, director de *La Zarpa*, e Mario Fernández Mazas, o seu irmán aínda adolescente.

A Antonio Dopazo adícalle unhas palabras Alfonso García Rojo⁴⁷. Francisco Sierra foi o primeiro paseado que nos consta e lembrámolo cun artigo en *Lethes*⁴⁸. Antonio Caneda recibiu unha homenaxe polo centenario do seu nacemento en San Xoán de Río, consistente na colocación dunha placa na escola, e tamén o lembramos na revista de Nova Escola Galega⁴⁹. En fin, Eduardo Villot Canal, era un dos catro sobriños do cura da Trindade, contrariado e doído cos seus por non poder salvar a ningún.

Os que conseguiron abandonar o país e fuxir do perigo: o exilio.

Tamén neste apartado contamos con algunhas memorias⁵⁰ que testemuñan a traxectoria dos autores e amigos⁵¹, así como o traballo panorámico, imprescindible tamén noutras análises da represión, de Antón Costa Rico⁵².

⁴⁵ Santiago, *O Silencio redimido*, 228

⁴⁶ Fernández Mazas, *Pedagogía y Política*, 106.

⁴⁷ García Rojo, "Al final del camino", 254-255.

⁴⁸ X. M. Cid, "Francisco Sierra Rodríguez, unha das primeiras vítimas da represión franquista sobre o maxisterio republicano," *Lethes*, nº 9 (2009): 132-143.

⁴⁹ X. M. Cid, "Antonio Caneda, outra vítima do franquismo, na memoria do maxisterio renovador", *Revista Galega de Educación*, nº 40 (2008): 174-179.

⁵⁰ Véxanse os textos xa citados de Luís Bazal, Luís Soto e Armando Fernández Mazas. Deste último véxase tamén *Atenas de Galicia* (Ourense: Ediciones Andoriña. 1989).

⁵¹ Fernández Mazas, en *Política y Pedagogía*, 2.^a edición, inclúe a carta de Ignacio Herrero "Pompilio Armando Fernández Mazas, mi querido amigo", correspondencia inédita (15 de xuño de 1990).

⁵² Costa Rico, *Historia da Educación e da Cultura en Galicia*, 1049-1054.

Como se pode apreciar, sete dos dirixentes da ATEO evitaron correr riscos maiores para a súa integridade física ao conseguiren saír por Portugal, ben para ficaren un tempo ben para agardaren polo camiño seguro cara a América ou, excepcionalmente, Europa. Castro Leboreiro, Vilar de Perdizes, Tourém, Vinhais ou Cambedo da Raia foron algunhas das poboacións que se implicaron cos refuxiados galegos, evitando a súa detención e deportación. Sorte que non tivo Julio González, que foi capturado e paseado. Tamén fuxiu Xosé Gómez Gaioso, pero volveu colaborar na guerrilla e topou coa morte.

Táboa 6. Docentes que colleron o camiño do exilio

Mestre/a	destino	Concello	ATEO	Exilio
Nieves Álvarez González	Barcelona		Non	URSS
Luís Bazal	Palmés	Canedo	Si	Francia
María Bouzas	Ponte	Canedo	Si	México
Álvaro das Casas	Instituto	Noia	Non	Brasil e Arxentina
P. Armando Fdez. Mazas	Vilariño	Pereiro	Si	Castro Leboreiro
José Fernández Pérez	Rubiós	Riós	Non	I (3-3-42) Arxentina
M.ª Concepción Fernández Vázquez		Amoeiro	Non	Arxentina
Manuel C. Garrido	Sanguñedo	Verea	Non	SD Arxentina e Chile
Ignacio Herrero Fuentes	Tamallancos	Vilamarín	Si	Panamá e Venezuela
Eladio Marcos	Sampaio	Castro C.	Si	Arxentina
Manuel Martínez Risco	Deputado		Non	Francia
Pedro Martull Rei	Instituto	Ourense	Non	México
Rafael Ochoa Carrasco	Grao profesional	Canedo	Non	ICE París
Vicente Ortega Martínez	Viladerrei	Trasmiras	Non	SD. Vilar de Perdices
Luís Soto Fernández	Mondariz		Si	México
Carlos Velo	Cineasta	Celanova		México
Xosé Velo Mosquera	Celanova			Venezuela
Leopoldo Vidal Hermida	Estromil	Vilamarín	Non	I (24-4-40) México
José Viéitez	Celanova	Mestre en Curtis	Non	México
Celso Vila	Viso	Canedo	Si	México
Alberto Vilanova	Privada	Ourense	Non	

I= Inhabilitación para o exercicio do ensino; SD= Separación definitiva; ICE= Inhabilitación para continuar estudos (no caso de alumnos de Plano Profesional en prácticas)

Ademais de destacar esa colaboración de determinadas vilas portuguesas, outro aspecto salientable do exilio é a notable achega pedagóxica e intelectual da maior parte dos refuxiados en América. Algúns deles teñen unha obra sobradamente coñecida e doutros puidemos ir descubrindo o seu labor, particularmente as achegas ao campo pedagóxico. O caso paradigmático pode ser o de Ignacio Herrero⁵³, quen puido continuar os seus traballos didácticos no Instituto de Cojedes e, ademais, integrouse plenamente naquela localidade (é autor da *Historia de Cojedes en su tricentenario*, entre outros traballos, moitos deles inéditos).

Traxectorias doutros dirixentes da ATEO e panorámica xeral do proceso sancionador

En dúas táboas recolleemos os nomes máis relevantes na dirección da ATEO e na redacción da revista. Os directivos que aparecen na Táboa 8, cos cargos correspondentes, entre eles dúas mestras por primeira vez, foron elixidos en 1936 e non tiveran unha traxectoria visible durante o primeiro bienio, nin na asociación nin na revista. Foron expedientados mediante unha orde do 10 de agosto como tales dirixentes elixidos recentemente⁵⁴.

Táboa 7. Docentes sinalados como dirixentes da ATEO nas primeiras ordes represivas

Mestre	Escola	Concello	Cargo ATEO	Sanción
Fernando Álvarez Rguez	Nenos	X. Espad.	Vogal	SD
Patricio Arce Susilla	Ex-Hospital	Ourense	Presidente	SD
Perfecto Cid Blanco	Boeiros	Pereiro	Vogal	Traslado
Leonardo Darriba Conde	Santás	Taboadela		S.2,T, Icd
Julio Gómez Rguez.	V. Ordelles	Esgos	Vice-secretario	SD
Carmen López Bello	Coutiño	Parada	Vogal	SD
Delia Osorio Otero	Castro	Canedo	Vogal	SD
José Pérez Levices	Pinto	Esgos	Si	SD
Argimiro Quinteiros Baliñas	Vilar de Cerreda	Nogueira	Si	S. temporal, T, e Icd
Manuel Seijo Failde	Monterredondo	Padrenda	Si	S. temporal, T, e Icd
José Camilo Soto Losada	Xen	Vilamarín	Si	SD
Joaquín Suárez Dopazo	Burgo	Amoeiro	Secretario	SD

SD=Separación definitiva; S.T.=Separación temporal (1 ou 2 anos) ; T= Traslado; ICD= Inhabilitación cargos directivos

⁵³ Xosé Manuel Cid Fernández, “Tres xeracións de laicismo en Ourense a través das biografías de nove educadores”, en *Memoria da escola*, 158-163

⁵⁴ Entre eles o máis coñecido é Fernando Álvarez, autor dun maxistral artigo na *Revista de Pedagogía* sobre a súa saída de estudo para visitar os oleiros de Niñodagua.

Os demais integrantes desa táboa aparecen como dirixentes na orde do 1 de agosto, asinada polo comandante Soto, sen que nos conste tampouco que tivesen un papel moi relevante na vida da asociación, polo que sostemos máis ben a idea de que fosen correspondentes da revista nos respectivos concellos. Completarían ese cadro de dirixentes algúns dos incluídos nas táboas de asasinados e exiliados –Eligio Núñez, Rafael Alonso, Armando Fernández Mazas, Luís Bazal, Amadeo López Bello, Celso Vila e Ignacio Herrero–, mestres que si tiñan un papel moi destacado no funcionamento da ATEO e algúns mesmo participaron no congreso de maio en Vigo para a creación da Federación galega.

Parécenos, ademais, oportuno completar esa táboa coa seguinte, na que destacamos mestres que tiveran un papel decisivo na traxectoria da asociación e da revista e que, no entanto, na relación de sancionados na primeira resolución de 1936, forman parte do numeroso grupo de simples afiliados, que resultaron suspendidos de emprego e soldo por tres meses. Confírmase as sospeitas que nos transmitiron algúns deles, en testemuño oral e nas propias memorias, de que os represores pretendían dar unha imaxe de normalidade para que se incorporasen á escola en setembro e así poder detelos, ante a posibilidade de que se agochasen nas vilas ou no norte de Portugal. Moi claramente dicíao Alfonso García Rojo, que se presentou na escola, pois entendía que podía responder facilmente a todas as acusacións que lle facían, pero, unha vez detido na escola, axiña se decatou de que non se trataba dun proceso xudicial normal. Outros, como Armando F. Mazas, ou Raul González, sospeitaron desde o primeiro momento que se trataba dunha trampa para detelos. Se algúns xa estiveran na cadea en 1934, que se podía esperar da nova etapa, na que determinados compañeiros xa foran asasinados? Mesmo aqueles que non tiveran unha traxectoria política, sindical e de renovación pedagóxica comparable á que eles protagonizaran como fundadores da ATEO.

Taboa 8. Docentes que participaron na creación da Asociación

Mestre	Destino	Concello ao comezo da República	ATEO	Sanción
Manuel Luís Acuña	(Madrid)	Pereiro	Si	SD
Abel Carbajales Gutiérrez	Ansemil	Celanova	Si	ST.2.T, lcd
Manuel García Paz	Punxeiro	Viana	Si	SD
Alfonso García Rojo	Faramontaos	Nogueira	Non	SD
Raúl González Gómez	Sampaio	Ribadavia	Si	SD (24-4-40)
Juan Lacomba Guillet	Redemuíños Quintela	Valencia no 2. ^o bienio	Si	S.temporal, ⁵⁵ T
Adolfo R. Ansias	Bóveda	Amoeiro	Si	Escondido 28 anos

⁵⁵ Alejandro Mayordomo e M.^a Carmen Agulló, *La renovación pedagógica al país Valenciá* (Valencia: Departament Educació Comparada e Historia de l'Educació, 2004).

Mestre	Destino	Concello ao comezo da República	ATEO	Sanción
Albino Núñez Domínguez	C. Arenal Coruña	Ex-Maceda	Ex-presidente	SD. Dedicase ao ensino privado
Adolfo R. Ansias	Bóveda	Amoeiro	Si	SD
Manuel Sueiro	Academia general	Ourense, rúa Liberdade	Si	Escondido e prisión
Baltasar Vázquez	Bustavalle	Maceda	Ex-director revista.	SD
Manuel Vázquez Novoa	Nenos	Celanova	Deseñador revista	SD

SD=Separación definitiva; S.T.=Suspensión Temporal (1 ou 2 anos) ; T= Traslado; ICD= Inhabilitación Cargos Directivos

Outra hipótese explicativa desta decisión de non consideralos do núcleo dirixente pode estar en que non todos os membros dirixentes da ATEO eran partidarios do ingreso na FETE-UGT, uns por seren nacionalistas, e non querer vínculos de dependencia con entidades de ámbito estatal, outros por seren republicanos sen máis e ver con receos o feito de se mesturar coas clases traballadoras, e outros que, sendo marxistas, consideraban que a FETE era máis moderada do que eles entendían que debía ser un sindicato de clase. Nesta liña manifestóusenos en concreto Baltasar Vázquez.

Así as cousas, consideramos relevante elaborar a Táboa 9, con dinamizadores relevantes do asociacionismo de clase no maxisterio, que na primeira listaxe de sancionados pertencentes á ATEO non aparecen como directivos, senón integrando esoutra longa listaxe de “suspensión de emprego e soldo por tres meses”, xunto con algúns dos xa citados: Antonio Caneda, Camilo Palmeiro, Francisco Sierra ou Sindo Núñez, entre outros xa catalogados como vítimas de maiores sancións.

Centramos o foco neste grupo, pois a maioría deles tería corrido a mesma sorte que os compañeiros “paseados”, de non ter buscado maneiras de fuxida diferentes do exilio, pero probablemente máis arriscadas, pois ademais de correr perigos, comprometían a todos os que os axudaban. Como podemos ver, só Abel Carbajales tivo pena inferior á separación definitiva, grazas ás xestións da súa dona Dolores Santaefemia, pertencente a unha familia relixiosa e conservadora. Detrás dos restantes hai historias de vida espectaculares e cada unha diferente. Manuel Sueiro foi protexido pola propia garda civil ante persecución dos represores paralegais de Cerdedo. Logo, foi protexido por ex-alumnos, algúns deles integrados no réxime, entregouse e pasou un tempo na cadea. Outras historias de vida, como as de Luís Acuña –ao que lle dedicamos cinco congresos e ten o seu nome nun centro da capital–, García Rojo, Baltasar Vázquez, Albino Núñez ou Raúl González, xa están

estudadas⁵⁶ e non imos afondar máis nelas. Juan Lacomba⁵⁷ tamén foi estudado no seu retorno a Valencia en 1933. García Paz xa tiña unha obra notable, antes do proceso represor, como estudoso do folclore estremeiro entre O Bolo e O Bierzo⁵⁸. Deixamos, para finalizar, unha das historias menos coñecidas, dun dos mestres máis perseguidos, que conseguiu sobrevivir en condicións infrahumanas, escondido entre dúas paredes construídas na casa duns tíos no número 2 da praza de San Cosmede (Ourense). Recentemente, un amigo informoume⁵⁹ dunhas anotacións de Ben-Cho-Shey, na primeira edición do exemplar do meu libro, depositado na Biblioteca da Deputación de Ourense, que me gustaría reproducir como colofón deste traballo. Debaixo da foto da portada pode lerse:

Manifestación de mestres da ATEO que estreaban bandeira. O portador é Adolfo Rguez Ansias, que viviu uns 30 anos de topo, no sótano da casa que fai esquina coa capela de San Cosme, na praza deste nome. Normalizada a súa situación foi readmitido no maxisterio con escola na provincia de Lugo, perto dos Peares. Por morte natural pouco desfrutou dela. O mozo que está á súa esquerda debaixo da bandeira é o escolante Celso Vila, ou Celsito Vila, pola súa xuventude. Fuxiu e pasou a México, onde parece que viviu ben.

Só discreparía do gran mestre na expresión “normalizada a súa situación...”, pois eses apaños de readmisión ao final da ditadura, facéndolles xurar lealdade aos principios do movemento nacional, pouco tiñan de situación normal.

No interior introduciu unha cuartilla ampliando a información:

O escolante ou mestre, D. Adolfo R. Ansias, cando a sublevación militar do 1936, era un xoven mestre propietario da escola de Bóveda, Concello de Amoeiro, Ourense. Formou parte do tribunal que xulgou os exames do cursoño de ingreso no Maxisterio de 1933. O 20-VII-36 fuxiu ós montes cara a San Cibrao das Viñas e días despois foi escondido no sótano da casa que fai esquina coa capela de San Cosme, antiga casa cuartel da Garda Civil, pola súa curmá Victoria Ansias, casada con Conde, pais de non menos de 5 fillos menores de 14 anos que souberon gardalo segredo no menos de 30 anos, pois o dar acubillo a un fuxido era penado en xuízo sumarísimo con pena de morte.

Despois de moitos anos malvivindo coma unha toupeira, saíu á luz, asignáronlle escola coído que en Pesqueiras, perto dos Peares, na provincia de Lugo, e despois de vivir en liberdade uns 8-10 anos, morreu, coído que de embolia...⁶⁰

Na relación de mestres destituídos, en particular os “inhabilitados para o exercicio da ensinanza”, hai moitas máis biografías que podían reconstruírse, con traxectorias vitais, máis ou menos dramáticas, pero cada vez son menos as fontes de que tirar para esa re-

⁵⁶ Xosé Manuel Cid, “Tres xeracións de laicismo”, 148-154, e “Baltasar Vázquez Fernández (1905-1995), de alumno nas Escolas Ave María a mestre da A.T.E.O”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, n.º 27/28 (2014): 11-26; Manuela Maseda Sabucedo, Xosé Manuel Cid Fernández e José Luís Fernández Méndez, “Albino Núñez, alumno de Risco na Normal. Un referente do maxisterio ourensán”, en *Estudos e Investigacións na Facultade de Educación de Ourense, 100 anos despois de Risco (1916-2016)*, ed. Xosé Manuel Cid Fernández (Santiago: Andavira. 2016), 42-64.

⁵⁷ Mayordomo e Agulló, *La renovació pedagògica*.

⁵⁸ Manuel García Paz, *IV Melodía* (Ourense, 1935). Investigación subvencionada pola Deputación de Ourense.

⁵⁹ Mensaxe de correo enviada o 2 de febreiro de 2016 polo investigador do galeguismo Ramón Ermida Meilán.

⁶⁰ Nota manuscrita de Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey, na primeira edición do libro de Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e ideoloxía* (1989). Exemplar depositado na biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.

construción. O que si podemos é dar unhas cifras globais que completan esta investigación sobre a crueldade do proceso represor no sector do maxisterio.

Se temos en conta a cifra de 527 ensinantes de escola pública que sufriron algún tipo de sanción, resulta que as máis graves afectaron a 161 mestres e mestras; a separación temporal a 320; e temos datos insuficientes de 46, o que traducido a porcentaxes, ofrece un 30% de baixas no escalafón, que aínda poden ser máis, dado que non temos datos de máis dun 8%, e as sancións mais leves afectaron a máis do 60%.

Das sancións máis graves, ademais dos 20 mortos ou exiliados, hai unha cifra considerable –43– de inhabilitados para o exercicio do ensino, sendo as comarcas de Ourense, Valdeorras e a Limia as mais castigadas por este tipo de sanción, que suman practicamente a metade do total de inhabilitacións. Da suma de separacións definitivas e inhabilitacións, Valdeorras chega a 32 e Ourense a 27, mentres que o resto de comarcas queda por debaixo dos 20.

Detrás destes números están as historias de vida que reflectimos máis arriba, o que nos pode dar unha idea da represión sufrida polas persoas e do empobrecemento do sistema educativo público ao longo de moitas décadas.



Baltasar Vázquez (centro de pé), á súa dereita Herminio Barreiro Calvete, e á súa esquerda, Raúl González.